



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REGISTRO XERAL	
15 XUN 2017	
N.º ENTRADA 18548	N.º SAIDA

Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tif. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

FRANCISCO JOSÉ FRAGA CIVEIRA, deputado e portavoz provincial do **GRUPO SOCIALISTA** da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A IMPLICACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE NA ELABORACIÓN DO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai case un ano, tras ser aprobada a Lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, 578 rutas de autobús que atendían toda a comunidade, quedaron abandonadas ó renunciar masivamente as empresas ás concesións realizadas hai décadas que quedaron desfasadas e que xa foran prorrogadas no ano 2009. A meirande parte deses contratos públicos sospeitosamente abandonados en bloque, cubrían zonas non urbanas das provincias de Ourense e Lugo que xa teñen serios problemas de mobilidade, afondando así no desleixo das administracións públicas co rural e, por ende, na despoación galopante do territorio.

O plan provisional artellado polo Goberno galego para cubrir ese baleiro, articúlase en 42 anteprojectos de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada de curta duración, dos cales 38 son para servizos zonais ou comarcais e catro para traxectos de longa distancia. A duración destes contratos é de ata 24 meses, co fin de cubrir o servizo ata a aprobación da fase definitiva do novo do Plan de Transporte Público de Galicia para a totalidade das trazas, un plan que deberá ser global e que deberá establecer uns servizos de transporte por estrada adaptados ás necesidades reais das contornas locais, eficientes e de calidade.

A Xunta de Galicia debe traballar para garantir o servizo e dar estabilidade e o plan provisional presentado pola Consellería de Infraestruturas non garantirá o servizo e tampouco permitirá dar estabilidade ó transporte do rural, segundo manifestaron publicamente numerosos alcaldes e responsables locais durante o período de alegacións aberto. Este planeamento transitorio pon o seu foco en dous piares –a integración de rutas convencionais no transporte escolar e o transporte a demanda– que poden ser moi útiles para prestar un servizo adecuado mais o seu planeamento e desenvolvemento está a ser deficiente. De feito, en Asturias –un territorio cunhas condicións orográficas e de dispersión demográfica similar ás de Galicia– a integración dos diferentes transportes comezou hai 9 anos e na actualidade abrangue con salientable éxito a práctica totalidade da poboación da comunidade autónoma.

En Galicia hai 30.000 entidades de poboación. Desas entidades, 2.599 núcleos compactos, 1.185 núcleos diseminados e 3.690 entidades singulares ou aldeas están na provincia de

Email: gruposocialista@depourense.es

Facebook: [PSdeGDepOU](https://www.facebook.com/PSdeGDepOU)

Twitter: [@PSdeGDepOU](https://twitter.com/PSdeGDepOU)



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

Ourense. É responsabilidade legal da Xunta de Galicia elaborar unha resposta axeitada ás necesidades de mobilidade de todos os veciños e veciñas desas entidades de poboación. O plan de transporte provisional artellado ás présas e de costas pola Consellería de Infraestruturas, entregando a súa elaboración a empresas alléas a Galicia e aprobado mediante un procedemento de adxudicación directa, non soluciona nin as carencias nin as necesidades das persoas do rural e, por iso, de cara a redacción do plan definitivo, a Deputación de Ourense, como *gobierno maior* dos gobernos municipais da provincia, debe participar activamente nese proceso de planificación e desenvolvemento, asesorando ás entidades locais, mediando entre concellos e comarcas e plantexando ó Goberno galego un programa de necesidades.

Polo exposto, o Grupo Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

1. Demandar a implicación técnica da Deputación de Ourense para a mellora dos servizos definitivos do Plan de Transporte Público de Galicia que deberán entrar en vigor no ano 2019.
2. Crear mesas de diálogo nas que participen todos concellos da provincia de Ourense, agrupados por comarcas, e nas que a Deputación coordine a elaboración dun programa de necesidades de mobilidade inter e intracomarcal da provincia para o novo Plan de Transporte Público de Galicia.
3. Dar traslado dos programas de necesidades de mobilidade elaborados coordinadamente a todos os departamentos da Xunta de Galicia implicados na elaboración do Plan de Transporte Público e tamén á comisión de coordinación para a supervisión da integración dos diferentes servizos de transporte prevista na Lei 2/2017.

En Ourense, a 15 de xuño de 2017

Asdo. O Portavoz



SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE